



MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE DE CELEBRAR UN CONTRATO

Descrición	Contrato mixto de subministro e servizos "Iluminación Nadal 2023-2024"
Área:	AREA DE CULTURA, OCIO E TEMPO LIBRE E TURISMO

1.- Obxecto do contrato que se propón adxudicar.

En data de 10/10/2023 a concelleira delegada de Cultura, Ocio e tempo libre e Turismo, propón a celebración do contrato de iluminación Nadal 2023-2024 do Concello de Porto do Son, que inclúe as seguintes prestacións:

- Alguer, transporte, instalación, montaxe, conservación e desmote da iluminación do Nadal, así como a súa custodia e vixilancia durante a súa instalación, montaxe e desmote.
- A subministración inclúe a achega polo adxudicatario de todos os motivos ornamentais da iluminación, así como a de todos os materiais auxiliares necesarios para a súa montaxe completa.

O anterior inclúe os motivos luminosos propiamente devanditos, as súas estruturas de sustento, os cadros eléctricos, o condutor eléctrico de acometidas ata os centros de transformación, a infraestrutura do Nadal, cables, fiadores, lámpadas necesarias, postes, cables e tirantes de suxeición, todos os elementos de sustento, talanqueras de protección, carteis e bandeirolas e, en xeral, todos os elementos que sexan necesarios para a correcta instalación e funcionamento da iluminación do Nadal.

O obxecto do contrato ten natureza mixta (subministro-servizos), non obstante a prestación principal se corresponde co contrato de subministro e de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 9/2017 de Contratos do sector Público (LCSP), seralle de aplicación o réxime xurídico aplicable a este tipo de contrato. En este caso, tendo en conta o importe do contrato propónse a súa tramitación mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co disposto no art. 159 de dito texto legal.

Conforme ao Prego de Prescricións Técnicas asinado pola concelleira delegada, o alumeadado de nadal instalárase nas seguintes rúas e lugares do Concello de Porto do Son coas características técnicas que se sinalan en dito cadro:

EMPLAZAMENTOS	ZONAS	CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS	Nº ELEMENTOS	€ UND.	€ TOTAL
Lugar entrada Boa	Parroquias	Rótulo luminoso Bo Nadal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	1	320,00 €	320,00 €
Lugar Pardiñas	Parroquias	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	1	320,00 €	320,00 €
Lugar Arnela	Parroquias	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	1	320,00 €	320,00 €
Lugar Queiruga	Parroquias	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	2	320,00 €	640,00 €
Lugar Xuño	Parroquias	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	3	320,00 €	960,00 €
Lugar Baroña	Parroquias	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	1	320,00 €	320,00 €





Lugar Carballosa	Parroquias	Rótulo luminoso Bo Nadal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled	1	320,00 €	320,00 €
Lugar Caamaño	Parroquias	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio y perfilado con tubo luminoso led y relleno en algunas partes con microled.	2	320,00 €	640,00 €
Lugar San Pedro e Seráns	Parroquias	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio y perfilado con tubo luminoso led y relleno en algunas partes con microled	2	320,00 €	640,00 €
Lugar Nebra (empalme)	Parroquias	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	1	320,00 €	320,00 €
Lugar Aguieira	Parroquias	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio y perfilado con tubo luminoso led y relleno en algunas partes con microled	1	320,00 €	320,00 €
Lugar Nogueira Noal	Parroquias	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio y perfilado con tubo luminoso led y relleno en algunas partes con microled	1	320,00 €	320,00 €
A definir	Porto do Son	Reno formato 3D de pé Estructura ferro recheo con microled cor branco.	1	188,00 €	188,00 €
Zona Porto	Porto do Son	Farola iluminada con 2 motivos Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	20	276,00 €	5.520,00 €
Entrada zona Porto	Porto do Son	Árbol superposto de 10/12 metros alto na rotonda composto por 16 guirnaldas microled color RGB programable.	1	1.772,00 €	1.772,00 €
Rúa Trincerpe	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led recheo nalgunas partes con microled.	4	307,00 €	1.228,00 €
Rúa da Roda	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led recheo nalgunas partes con microled.	5	307,00 €	1.535,00 €
Rúa Atalaia(2 lados).	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led recheo nalgunas partes con microled. (2 lados).	8	320,00 €	2.560,00 €
Rúa Camiño Novo	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led recheo nalgunas partes con microled.	5	307,00 €	1.535,00 €
Plaza Nova	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led recheo nalgunas partes con microled.	1	320,00 €	320,00 €
Rúa Igrexa de Noal	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	2	320,00 €	640,00 €
Avenida de Galicia	Porto do Son	Iluminación palmera con cortina 2x3 nas ramas e maya no tronco microled color branco	10	492,00 €	4.920,00 €
Praza Rosalía de Castro	Porto do Son	Sombrilla formada por 8 guirnaldas de 12 metros microled cor branco.	1	310,00 €	310,00 €
Entrada Porto do Son	Porto do Son	Rótulo luminoso Bo Nadal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	1	307,00 €	307,00 €
Concello- fachada	Porto do Son	Iluminación fachada concello parte baixa con cortinaxe e rótulo Bo Nadal.	1	1.320,00 €	1.320,00 €
Rúa Fernando Fariña	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled	3	307,00 €	921,00 €
Rúa Jorge Lorenzo	Porto do Son	Arco luminoso transversal Estructura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e relleno nalgunas partes con microled.	8	338,00 €	2.704,00 €
Secadoiro	Porto do Son	Chuvia de luz microled composto con 210 metros cortinaxe tipo ECICLE de 1,5 metros de caída máxima cor branco frío. Total 15.960 micro led.	1	5.424,00 €	5.424,00 €





Praza de España	Porto do Son	Teito de luz micro led de 15x32 metros compostos por 32 guirnaldas de 32 metros en cor branco frío cun total de 15.360 micro led.	1	5.038,00 €	5.038,00 €
Rúa Travesía Igrexa	Portosín	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e relleno nalgunas partes con microled.	4	307,00 €	1.228,00 €
Rúa Marmuro	Portosín	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e relleno nalgunas partes con microled	1	307,00 €	307,00 €
Rúa San Andrés	Portosín	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	2	307,00 €	614,00 €
Avenida de Coira	Portosín	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e relleno nalgunas partes con microled	3	307,00 €	921,00 €
Rúa da Rambla	Portosin	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	4	338,00 €	1.352,00 €
Rúa Constitución e Mariño	Portosín	Arco luminoso transversal Estrutura de aluminio e perfilado con tubo luminoso led e recheo nalgunas partes con microled.	6	338,00 €	2.028,00 €
A definir	Portosín	Nogal formato 3D de 2,5 metros alto estrutura de aluminio e recheo con microled cor branco.	2	450,00 €	900,00 €
A definir	Portosin	Reno formato 3D de pé con estrutura de ferro recheo con microled cor branco.	1	188,00 €	188,00 €
Entrada Portosín-rotonda	Portosín	Árbol superpuesto de 10 metros de alto en la rotonda compuesto por 16 guirnaldas color RGB progrmable	1	1.772,00 €	1.772,00 €
Entrada Xuño- rotonda	Xuño	Árbol superpuesto de 10 metros de alto en la rotonda compuesto por 16 guirnaldas color RGB progrmable	1	1.772,00 €	1.772,00 €
A Definir	Portosín	Árbol 4m	1	1.600,00 €	1.600,00 €
Varios		Servicio de mantenimiento	1	3.690,00 €	3.690,00 €
			117		58.054,00 €
IMPORTE SEN IVE					58.054,00 €
IVE					12.191,34 €
TOTAL					70.245,34 €

2.- Relación do obxecto do contrato coas necesidades administrativas que se pretenden satisfacer.

O art. 25.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) dispón que os concellos, nos termos da lexislación estatal e autonómica, exercerán competencias propias nas materias de “promoción da cultura e equipamentos culturais” (apartado m) e “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local” (apartado h.).

Pola súa banda, o artigo 5 a) da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia atribúelle aos concellos competencias para a “protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal”.

En relación co exercicio das competencias citadas, a iluminación do Nadal 2023-2024 revélase como un evento cunha potencialidade de primeira orde para a promoción cultural e turística do concello. Neste senso, a veciñanza e os visitantes móstranse moi agradecidos da posta en marcha desta iluminación de Nadal, tal e como se recolle nas publicacións das redes sociais, co obxectivo de atraer



visitantes ao Concello de Porto do Son para dar a coñecer o seu importante valor como recurso turístico do concello.

Tendo en conta que a iluminación de Nadal é un evento que presenta un elevado potencial para a promoción turística do Concello de Porto do Son e que a difusión que acada reforza ese carácter de atractivo turístico, estímase conveniente realizar este evento no 2023-2024.

3.- Cálculo do valor estimado do contrato. Orzamento do contrato.

a) Valor estimado.

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 116.108,00 € IVA excluído.

O seu importe calculouse tendo en conta os aspectos que se indican, de acordo co establecido no art. 101 LCSP:

- a) Orzamento do contrato sen IVE: 116.108,00 euros
- b) Prórrogas do contrato aos licitadores: Si (por un ano)
- c) Primas ou pagos aos licitadores: Non
- d) Importe máximo das modificacións do contrato previstas: 0,00 € (non se prevé modificar o contrato).
- e) Custos das subministracións postas a disposición do contratista polo concello: 0,00 €.
- f) División por lotes: Non.
 - a. TOTAL valor estimado (a+b+c+d+e+f)= 116.108,00 euros

4.- Procedemento de adjudicación.

En este caso, tendo en conta o importe do contrato propónse a súa tramitación mediante procedemento aberto, de conformidade co disposto no art. 156 a 158 de dito texto legal.

CPV: 31527200 Luces para alumeado exterior

O presente contrato non é susceptible de división en lotes.

5.- Tramitación do procedemento de contratación.

En atención aos axustados prazos de licitación dos que se dispón considerando as datas nas que nos atopamos e tendo en conta cando se pretende ter encendido o alumeado, **procede declarar de urxencia** a tramitación do expediente de licitación aos efectos de reducir tanto o prazo de presentación de proposicións, como o prazo de presentación de documentación para ser adjudicatario, motivo polo cal se opta pola tramitación por **procedemento aberto** declarado de urxencia.

6. División en lotes do contrato. (artículo 99 LCSP)

Non se estima conveniente a división en lotes do contrato xa que a realización independente das diversas prestacións (o subministro e o servizo) comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo xa que teñen que estar perfectamente coordinadas e a súa división en lotes conlevaría a posibilidade da prestación por contratistas diferentes o que imposibilitaría a mencionada coordinación da execución do contrato.

7. Criterios de solvencia económica e financeira e técnica e profesional.

Os determinados nos pregos de contratación.



8. Determinación dos criterios de adxudicación do contrato.

O contrato adxudicarase á proposición que oferte a mellor relación calidade-prezo na execución do contrato, avaliada mediante a aplicación dos seguintes criterios de adxudicación:

Xuízo de valor	Criterios avaliados mediante fórmulas ou porcentaxes
25%	75%

8.1 Criterios de valoración sometidos a xuízo de valor:

Os criterios de valoración sometidos a xuízo de valor de conformidade co disposto na letra b) do apartado primeiro do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, valorarase cun máximo de 25 puntos de acordo cos seguintes:

8.1.1 Características dos motivos (ata 15 puntos):

O licitador deberá presentar un catálogo cos motivos/ornamentos do Nadal a instalar e a listaxe correspondente co total ofertado, de acordo coas características especificadas no cadro Anexo do Prego de Prescricións Técnicas Particulares. O catálogo deberá definir perfectamente as características técnicas e tecnoloxías utilizadas, as dimensións dos distintos motivos do Nadal, incluíndo fotografía ou imaxe dos mesmos.

8.1.2. Aforro enerxético e eficiencia (ata 5 puntos).

Valorarase a porcentaxe de ornamentos ou luminarias con tecnoloxía LED (menor consumo enerxético) que se oferten, de forma que se prime o aforro enerxético e a redución de consumo enerxético para o municipio.

- 75% con tecnoloxía LED: 5 puntos.
- 50% con tecnoloxía LED: 2,5 puntos.
- 25% con tecnoloxía LED: 1 puntos.
- < 25% con tecnoloxía LED: 0 puntos.

8.1.3 Memoria xustificativa da empresa (Ata 1 punto).

Valorarase o presentado na memoria xustificativa relativa á empresa ou relativo á capacidade da mesma para prestar os servizos obxectos do contrato e a súa instalación (obra) demostrando especialmente os seus coñecementos técnicos na materia, a eficacia, a experiencia e a fiabilidade. Valorarase con 1 punto á mellor oferta e o puntos á que se considere menos adecuada. O resto valorarase de maneira proporcional.

8.1.4 Sistemas de Xestión de Calidade (1 punto).

Valorarase certificación de que a empresa conte cun sistema de xestión da calidade implantado conforme a UNE-EN ISO 9001:2015 ou similar.

8.1.5. Sistemas de Xestión de Ambiental (1 punto).

Valorarase certificación de que a empresa conte cun sistema de xestión ambiental de organización implantado conforme a UNE-EN ISO 14001:2015 ou similar.



8.1.6. Localización do almacén de repostos (Ata 2 puntos).

O licitador deberá indicar a localización do almacenamento no que gardará o material necesario para repoñer ou reparar as posibles avarías das instalacións con moita brevidade durante a prestación do contrato.

- A menos de 5 kms dos límites do municipio: 2 puntos.
- Entre 5 kms e 10 kms: 1 puntos.
- Máis de 10 kms: 0 puntos.

8.2. Criterios avaliados mediante fórmulas ou porcentaxes. Valorarase cun máximo de 75 puntos.

A valoración das ofertas económicas en función das ofertas presentadas puntuarase entre 0 e 75 puntos de acordo coa fórmula elaborada, a petición da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC conforme o desglose, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento e aplicación que figura no seguinte enlace:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

9. Insuficiencia de medios para realización das prestacións directamente polo concello.

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cando sexa necesario celebrar un contrato, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

O Concello de Porto do Son conta cun departamento de obras que non ten nin a cualificación profesional requirida nin os medios materiais necesarios para o montaxe e a instalación e posterior desmontaxe dos elementos obxecto do alugueiro.

Ante a falta de medios persoais e materiais que fai imposible que poidan asumir as funcións derivadas do contrato sexan asumidas por parte de persoal municipal, resulta imprescindible acudir á contratación externa para o desenvolvemento e execución integral deste tipo de servizo.

Porto do Son, na data da sinatura dixital.

O Alcalde,
José Luis Oujo Pouso

